

CONCURSO LIBRO DO TRIMESTRE 1

"La última legión"

- 1.- Que nome tiña a lexión de Aurelio?
- 2.- Que libro lle lía Ambrosino a Rómulo e quen era o seu autor?
- 3.- Quen era Juba?
- 4.- En que cidade estaba recluído Rómulo cando Aurelio o intenta rescatar por 1ª vez?
- 5.- Cando Ambrosino coñeceu a Rómulo por primeira vez, este estaba intoxicado. A causa de que?
- 6.- Odoacro encargoulle a Wulfila escoltar ó pequeno emperador ata o seu lugar de desterro. A onde se dirixían e que famoso emperador romano pasara alí os seus últimos anos de vida?
- 7.- De quen era o medallón que levaba Livia ó pescozo dende que tiña nove anos?
- 8.- Cando Rómulo estaba recluído na illa, nun sótano atopou unha inscrición sobre unha lápida verde dun muro. Que letras pulsou para que se abrise a lápida?
- 9.- A onde pretendían levar a Rómulo, segundo os plans de Livia e Esteban, despois da súa liberación?
- 10.- Que nome recibían os sacerdotes da antiga relixión de Britania?
- 11.- Despois da destrución de Aquilea polos bárbaros, Livia e outros prófugos refúxianse en cabanas nas marismas e zonas pantanosas. A esta agrupación de xentes libres puxéronlle o nome de...
- 12.- No París actual hai un barrio que leva o nome dun santo. Este, nos seus tempos mozos, foi enviado por Roma en axuda os británicos para defender o Gran Muro e morreu na batalla. Quen era?
- 13.- Quen sigue a Livia a escondidas ata o porto de montaña polo que tiñan que cruzar os Alpes?
- 14.- Tralo encontro con Wulfila, Aurelio e Rómulo escapan a cabalo polos Alpes, pero os seus compañeiros teñen que fuxir nunhas barcas que facían de ponte. Que río surcaron nesta fuxida?
- 15.- A fabulosa espada de César fora forxada con siderita procedente dun meteorito e posteriormente foi templada con...
- 16.- Cando están no barco rumbo a Britania, no medio da néboa, Ambrosino conta unha historia sobre a illa dos mortos, coñecida co nome de...
- 17.- Que animal está representado no estandarte da última lexión?
- 18.- Wulfila mata a Wortigern e suplanta a súa personalidade. Como?
- 19.- Romulo é proclamado rei dos Britanos co nome de Pendragón, que significa...
- 20.- A espada de César tiña a inscrición "Cai. Iul. Caes. Ensis Caliburnus". Parte da inscrición quedou empotrada na rocha, e outras letras foron cubertas por liquens e incrustacións, de tal xeito que so se pode ler...